

## **Acta da XX Asemblea Xeral de MAREA PONTEVEDRA, mércores 25 de outubro de 2017 na Sede de Marea Pontevedra (Cruz Vermella, 22)**

Sendo as 20,00 horas e co quórum requirido (23 persoas) da comezo a XX Asemblea Xeral de Marea Pontevedra coa seguinte

### **ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación da acta da XIX asemblea.
2. Informe da Permanente desde a anterior Asemblea.
3. Presentación do novo equipo da Permanente
4. Liñas de actuación no futuro
5. Varios

1. Aprobación da acta da XIX asemblea.

Procédese á lectura en alto da anterior acta pola imposibilidade de enviala adxunta no correo de convocatoria da asemblea. Na referencia á cidade modelo, Enrique Acuña pide que esa referencia vaia entrecomillada, aceptándose. Vótase a aprobación co seguinte resultado:

- Votos a favor: 18
- Votos en contra: 0
- Abstencións: 1

Polo que queda aprobada

2. Informe da Permanente desde a anterior Asemblea.

Resume Peque González sobre a relación de Marea Pontevedra cos representantes de En Marea tanto nacionais coma estatais e que a raíz dos mesmos saen propostas para mellorar a nosa cidade, coma a de converter en escola infantil a sede do Goberno Militar.

A nivel municipal, das nosas propostas para facilitar os orzamentos de 2017 hai problemas coa Renda Social, as outras están encamiñadas. Seguimos insistindo coa remunicipalización dos servizos, coma a proposta da auga coa edil non adscrita en Poio Silvia Díaz. E levamos ao pleno mocións polo ordenación do monte, a accesibilidade, as escolas públicas ou o peche de ELNOSA.

Comezamos facer roldas de contactos coas asociacións veciñais para coñecer o estado dos barrios e parroquias e as demandas veciñais.

Remata Peque falando de que se fixo un concurso aberto para substituír a Herminia, de baixa por maternidade, da que saiu escollido Juanma Cernadas.

Pregunta Marta Díaz se hai algunha forma de saber as mocións presentadas. Contesta Jaime Acuña que na páxina web de Marea Pontevedra están todas no apartado Grupo Municipal.

### 3. Presentación do novo equipo da Permanente.

Explica Peque que por falta de tempo, Xoán Hermida non puido seguir sendo Coordinador de Marea Pontevedra, polo que a Permanente propuxo á Coordinadora Xeral que fose Peque quen ocupase ese posto, o cal foi aceptado. Despois Peque propuxo o seu equipo á Coordinadora Xeral, que tamén foi aceptado. Dito equipo é:

- *Peque González Novoa. Coordinadora*
- *Jaime Acuña Torres. ViceCoordinador e comunicación*
- *Miguel Anxo Serén García . Secretario e organización*
- *Bibiana Piñeiro Omil. Administración e finanzas*

Que conforman a nova Permanente xunto co Portavoz e a Viceportavoz.

### 4. Liñas de actuación no futuro.

Despois de facer un breve repaso do que foron estes máis de tres anos de Marea Pontevedra, Luís Rei conta que o día anterior anunciou que quere encabezar a lista ás seguintes eleccións municipais, para posicionarse antes que os outros partidos. Propón facer as primarias canto antes, as do cabeza de lista en inverno e o resto da lista en outono. Continúa dicindo que non usará o Concello como trampolín para nada e que a candidatura que se faga debe representar á sociedade pontevedresa.

A tarefa inmediata máis importante é os orzamentos, que é onde se pode influír de verdade, sempre dentro das nosas posibilidades, onde destacan as nosas propostas de Plan de Transporte e o Plan de emprego.

En canto á proxección pública hai que seguir na liña, incidindo nos problemas reais da xente e sendo máis ambiciosos no plano propositivo.

Enrique Acuña bota en falta no repaso temas coma a radicalidade democrática ou a memoria histórica.

Anxo Serén di que na seguinte asemblea se tratará tanto os orzamentos coma as primarias a cabeza de lista ás municipais.

Comenta Vidal Laíño o déficit de participación cidadá no Concello e sobre todo nos orzamentos. Contesta Luís que o Concello di que son participativos porque consulta aos cidadáns. Por outra banda, a Marea Pontevedra enviou o seu borrador de participación ás federacións de asociacións de veciños e non se recibiu contestación. Presentouse aos demais partidos, e din que se apoio das federacións non o presentan.

## 5. Varios

Di Enrique Acuña de incidir no que se aproba no pleno e non aplica o Concello.  
Contesta Luís Rei que legalmente pode facelo, que aplicalo ou non está da man do Concello.

Levántase a sesión ás 21:04h

Asinado: Miguel Anxo Serén García | Secretario de Marea Pontevedra.  
Vº P: Peque González | Coordinadora